



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE MARZO DE 2015

FAVORABLES.-

LIC/1570/2013.- INVERSIONES NAVAZA-EIRAS, S. L.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, e conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita en rúa Trinidad nº 11.

LIC/1162/2014.- MOISÉS RIVADULLA FERNÁNDEZ.- Aceptar a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en A Sionlla de Arriba nº 18.

LIC/1891/2014.- M^a DOLORES REY GONZALEZ.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo e conceder a licenza para a reforma dun edificio destinado a local comercial e vivenda na rúa do Franco nº 11.

PARCELACIÓNS.-

LIC/1115/2014.- OSCAR SEOANE GARCÍA.- Desestimar a petición de licenza de parcelación para dividir unha finca en Lugar de O Barral.

LIC/640/2014.- ANTONIO MUGICO FERNÁNDEZ.- Conceder a licenza para segregar unha parcela sita no Lugar de Sabugueira – Carballal

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude da devolución de fianza no expdte LIC/1770/2014 de obras de rehabilitación de edificio para vivenda unifamiliar en rúa Ponte do Sar (da),25.

Accedeuse á devolución dunha fianza por un importe de 1.500 euros, correspondente á construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Ponte do Sar (nº 25) para responder da reposición dos servizos urbanísticos afectados.

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, e conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita en rúa Trinidad nº 11.

LIC/1570/2013.- INVERSIONES NAVAZA-EIRAS, S. L.-

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a aceptar a cesión de terreo dende a aliñación oficial e conceder a licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en A Sionlla de Arriba nº 18.

LIC/1162/2014.- MOISÉS RIVADULLA FERNÁNDEZ.

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo e conceder a licenza para a reforma dun edificio destinado a local comercial e vivenda na rúa do Franco nº 11.

LIC/1891/2014.- M^a DOLORES REY GONZALEZ.

6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a desestimar a petición de licenza de parcelación para dividir unha finca en Lugar de O Barral.

LIC/1115/2014.- OSCAR SEOANE GARCÍA.

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a conceder a licenza para segregar unha parcela sita no Lugar de Sabugueira - Carballal.

LIC/640/2014.- ANTONIO MUGICO FERNÁNDEZ.

Concedéronse 4 licenzas:

-Unha licenza para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa da Trindade (nº 11), composta de planta baixa, alta e baixo cuberta cunha superficie construída de 497 m2 e cun proxecto que contempla un orzamento de execución de 186.198 euros.

-Outra licenza para a construción de vivenda con soto e baixo na Sionlla de Arriba (nº 18), cunha superficie útil de 222 m2 e cun orzamento de execución de 100.000 euros.

-A terceira licenza autoriza a reforma dun edificio destinado a local comercial e vivenda, na rúa do Franco (nº 11), cun orzamento de execución de 25.000 eurps.

-Tamén se concedeu licenza para a reparcelación dun predio de 25.795 m² no lugar de Sabugueira-Carballal, para crear dúas parcelas con superficies practicamente idénticas.

Por último, desestimouse a solicitude doutra reparcelación no lugar do Barral, por non axustarse á lexislación e ao ordenamento urbanístico aplicable.

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e VODAFONE ESPAÑA para a realización dunha proba piloto no ámbito da xestión de residuos.

O convenio, que non vai supoñer ningunha carga económica para o concello, ten por obxecto a posta en marcha dunha acción piloto no ámbito da xestión dos residuos, enmarcada no desenvolvemento de servizos intelixentes na cidade que incrementen a eficiencia, a xestión e a habitabilidade no espazo urbano.

Para realizar esta acción dotarase de aparatos de medida a determinados colectores de residuos da cidade e conectaranse vía radio cunha plataforma tecnolóxica intelixente, onde se disporá un Centro Intelixente de Operacións, que permite monitorizar e xestionar os servizos e sistemas da cidade dunha forma máis precisa, grazas a unha visión única e centralizada das operacións e a unha gran capacidade analítica. O fin último é mellorar no coñecemento da xestión de residuos na cidade, para posibilitar a execución de medidas destinadas a facela máis eficiente, de maneira que poida redundar nunha mellora da calidade de vida da cidadanía en un incremento da sustentabilidade do sistema.

O convenio ten unha duración estimada de 10 meses, que poderá ser prorrogada se así se considera de común acordo.

Esta experiencia sitúase na dirección da estratexia que está a desenvolver o concello para o impulso dunha cidade intelixente, na que, entre outros aspectos, se están a desenvolver medidas para a mellora da iluminación pública e diversas aplicacións gratuítas en fase experimental para facilitar o aparcamento, a información sobre o transporte colectivo, presentada onte mesmo, ou a próxima aplicación para comunicar incidencias relacionadas co estado das vías pública e servizos esenciais, que estamos ultimando para a súa posta en servizo ao longo deste mesmo ano.

9.- Dar conta da sinatura do outorgamento de concesion por ADIF a favor do Concello para a ocupación dun inmovible en Santiago na zona de Pontepedriña e Cornes para aparcadoiro.

Deuse conta do documento da concesión administrativa outorgada polo ADIF para a ocupación de terreos nunha superficie de 8.738 m² situados baixo o viaduto da liña férrea para a súa utilización para o aparcamento disuasorio de Pontepedriña. Neste documento foi corrixido o erro detectado na superficie afectada, tal e como se acordara pola Xunta de Goberno o pasado 23 de xaneiro.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa á renovación da flota de transporte urbano 2015.

Por proposta da Concellería delegada de Mobilidade, acordouse poñer en coñecemento da UTE concesionaria do transporte urbano (TRAPSA-AULUSA) a necesidade de iniciar de inmediato o procedemento de 11 novos autobuses para incorporar á prestación do servizo, por un importe de 3.603.380 euros. Tamén se le traslada a vontade de municipal de que o contrato sexa licitado polo propio Concello e se lle require á UTE concesionaria que no prazo de 5 días hábiles sinala a fórmula de financiamento do subministro que considere máis axeitado para incluír no prego de cláusulas administrativas que rexerán a licitación.

A licitación do subministro destes 11 autobuses por parte do Concello motívase fundamentalmente na procura dunha maior transparencia do procedemento que opera como principal ferramenta xurídica para conseguir unha xestión eficiente dos recursos públicos, preservar a regra da igualdade de trato e favorecer o desenvolvemento dunha competencia efectiva. Esta decisión, adoptada en aplicación do recollido no prego de cláusulas do contrato, foille comunicada no seu día á empresa concesionaria para que presentara as alegacións que considerara procedentes.

A UTE concesionaria manifestou nas súas alegacións a súa oposición a realizar a achega económica para a compra dos vehículos se o procedemento de licitación o realiza o Concello, entendendo que esa medida supoñía unha modificación contractual e que noutras ocasións a UTE realizou a compra directa dos autobuses.

O Concello desestimou as alegacións entendendo que o material móbil está afecto ao servizo e constitúe un elemento esencial para a execución do contrato, polo que a empresa debe correr co seu custo –como, por outra parte, vén facendo habitualmente- e, no caso de adquirir

directamente o material móbil rexerse pola lexislación de aplicación, que establece un réxime de licitación pública.

O prego non impide que sexa o Concello o que licite a compra dos autobuses, sen que isto poida prexudicar ao contratista que recupera o seu investimento a través do contrato e mesmo supón un beneficio ao non ter que realizar os trámites administrativos que deberá realizar o concello.

12.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á aprobación das bases para a adxudicación de autorizacións para exercer a actividade de venda ambulante no mercado de Salgueiriños.

Aprobáronse as bases para a adxudicación de licenzas de venda ambulante no Mercado de Salgueiriños, que afectan a 65 postos actualmente libres nesa superficie.

Os postos, para unha superficie de 6x5 metros onde se poderá estacionar o vehículo, corresponden a outras tantas licenzas que se distribúen do seguinte xeito:

- 2 postos de polbo ou elaboración de comida rápida,
- 2 churrerías,
- 25 para produtos hortícolas,
- 5 para floristería e planta viva,
- 5 de artesanía,
- 10 de xamóns, embutidos e salazóns,
- 5 de mobles, produtos de equipamento para o fogar ou artigos de 2ª man.
- 11 para textil e calzado.

No caso de non cubrirse algún dos apartados, o seu número incrementarase ao de máis demanda. As autorizacións teñen unha duración de 5 anos, prorrogables de forma expresa por outros 5 e as taxas de ocupación acadan os 61,05 euros/m², o que supón ao ano un total de 305,25 euros/m². Para a adxudicación de licenzas, que se fará mediante concorrencia competitiva, teranse en conta a profesionalización (é dicir, os anos na actividade), a situación socioeconómica do solicitantes, a formación e a condición de produtores directos. Todos os postos adxudicaranse por sorteo, agás os relacionados coa preparación de alimentos que se emprazarán conforme a criterios técnicos.

13.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á prórroga do contrato de xestión do servizo da escola infantil municipal de Meixonfrío.

Acordouse a prórroga do contrato de xestión do servizo da Escola Infantil Municipal do Meixonfrío que fora adxudicada no mes de abril de 2013 a "Servicios y Materiales, S.A." por un canon de 278.055 euros/ano.

A prórroga, polo período dun ano (ata o 18 de abril de 2016), non supón ningunha alteración no canon establecido e adóptase tendo en conta que unha nova adxudicación se produciría nun momento delicado, co curso en marcha con posibles consecuencias para os usuarios e as súas familias. Tamén se adopta en atención ao informe favorable dos departamento de servizos de Contratación do Concello e á vista da satisfacción expresada pola familias en relación co servizo ofrecido pola actual empresa, segundo pon de manifesto unha enquisa realizada con esta finalidade.

14.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela á empresa VALORIZA DEPENDENCIA.

Acordouse a adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar á empresa Valoriza Dependencia, por un importe de 15,22 euros/hora de atención.

Para esta finalidade o Concello reserva nos seus orzamentos un total de 1.801.883 euros, distribuídos entre os anos 2015 (685.831 €), 2016 (914.441 €) e 2017 (228.611 €).

atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

A atención, que se presta os 365 días do ano en horario de 7 a 22 horas, vai dirixida especialmente a aquelas persoas que teñen limitada a súa autonomía persoal ou en casos de desestructuración familiar, podendo ser básicas (para actividades da vida diaria) ou complementarias (para acompañamento, asistencia a distancia, adaptacións funcionais do fogar, podoloxía ou fisioterapia).

O acceso ao servizo pode ser directo, nos casos de dependencia con situación recoñecida, ou por libre concorrencia, cunha valoración e asignación de servizos que corre a cargo do persoal técnico municipal.

Na actualidade hai un total de 189 persoas usuarias deste servizo das que 90 corresponden á modalidade de dependencia e 99 persoas accederon ao servizo a través da libre concorrencia.

15.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do nomeamento dos representantes municipais nos consellos escolares de Centros.

Procedeuse a aprobar a proposta de nomeamento dos representantes municipais nos Consellos Escolares de Centros, que inclúe as variacións producidas respecto da asignación acordada no pasado mes de outubro, consecuencia do cesamento da concelleira socialista Mercedes Rosón Ferreiro, cuxo lugar no colexio Raíña Fabiola pasa a ocupar o novo concelleiro Álvaro González Álvarez, segundo a prosposta do portavoz socialista. Tamén se produce un cambio na representación dos consellos escolares dos centros Monte dos Postes, Cardeal Quiroga Palacios, Eduardo Pondal, IES de Sar e Escola Oficial de Idioma, da que se fará cargo a nova concelleira do Grupo Popular, María Teresa Cancelo Márquez.